



| Guía Docente          |   |                    |                   |          |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                   | 2021/22  |
| Asignatura (*)        | Cultura Latina Medieval   | Código             | 613G02033         |          |
| Titulación            | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios   |                    |                   |          |
| Descritores           |   |                    |                   |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo              | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Terceiro           | Optativa          | 4.5      |
| Idioma                | Galego  |                    |                   |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                   |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                   |          |
| Departamento          | Letras  |                    |                   |          |
| Coordinación          | Ferraces Rodriguez, Arsenio   | Correo electrónico | a.ferraces@udc.es |          |
| Profesorado           | Ferraces Rodriguez, Arsenio   | Correo electrónico | a.ferraces@udc.es |          |
| Web                   | <a href="https://coruna.academia.edu/AFerracesRodriguez/">https://coruna.academia.edu/AFerracesRodriguez/</a>   |                    |                   |          |
| Descrición xeral      | Estudo de diversos aspectos do sistema literario e cultural da Idade Media latina, con especial atención á produción do texto, á transmisión do saber e ó mundo que os textos reflexan. Dada a pertencencia da materia ao Grao en galego e portugués, será obxecto de atención preferente a relación entre a cultura latina da Idade Media e a galego-portuguesa.   |                    |                   |          |
| Plan de continxencia  | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non hai</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Lecturas, Análise de fontes documentais Proba mixta e Sesión maxistral (en caso de continxencia, todas serán realizadas con emprego das TIC)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Nos apartados de Aprendizaxe colaborativa e Traballos tutelados estaba prevista na Guía a utilización de tecnoloxías da información e comunicación. Na eventualidade de ensino a distancia a dinámica será similar á do ensino presencial, pero o tamaño dos grupos estará limitado a un máximo de cinco personas por sesión coa finalidade de estimular a participación activa da totalidade de membros do grupo.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>A través do correo electrónico e plataforma Teams</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Na eventualidade de ensino a distancia a avaliación poderá consistir na preparación dun traballo con lectura reflexiva polo alumno dunha ou varias fontes do programa. Ó traballo serálle adxudicado o 100 % da nota final e deberá ser entregado no día da data oficial de exame. De consideralo oportuno, o profesor poderá comprobar o grado de dominio do tema plantexándolle ó alumno, por vía oral e en sesión que quedará gravada, cuestións pertinentes ó tema do traballo entregado.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> |                    |                   |          |

| Competencias do título |  |
|------------------------|--|
| Código                 | Competencias do título   |
| A1                     | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.   |
| A2                     | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A11                    | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.   |



|     |  |
|-----|--|
| A13 | Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.   |
| A16 | Coñecer a crítica textual e a edición de textos.   |
| A29 | Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.   |
| B1  | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.               |
| B3  | Adquirir capacidade de autoformación.  |
| B5  | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.  |
| B6  | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7  | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.  |
| B8  | Apreciar a diversidade.  |

| Resultados da aprendizaxe  |                        |          |
|--|------------------------|----------|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias do título |          |
| Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria no campo dos estudos latinos medievais                                   | A1<br>A29              |          |
| Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios latinos da Idade Media utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.          | A2<br>A16              |          |
| Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina da Idade Media.  | A11<br>A13             |          |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información especializados no campo dos estudos latinos medievais. |                        | B1       |
| Adquirir capacidade de autoformación no campo dos estudos latinos medievais.   |                        | B3<br>B6 |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas, particularmente a historia das literaturas medievais vernáculas.                           |                        | B5       |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento, de exercer o pensamento crítico e apreciar a diversidade cultural.         |                        | B7<br>B8 |

| Contidos                                  |   |
|---|---|
| Temas                                     | Subtemas  |
| 1. Cuestións preliminares.                | 1.1. Cuestións de concepto: obxetivos e límites da materia.<br>1.2. Periodización da literatura latina medieval.<br>1.3. O latín medieval: características básicas.<br>1.4. Características da produción e difusión literaria medieval.   |
| 2. A literatura na Gallaecia tardoantiga  | 2.1. Os séculos IV-V: panorama xeral<br>2.2. Paulo Orosio<br>2.3. Hidacio de Chaves<br>2.4. Palabras e cousas: estudio de realia particulares   |
| 3. A literatura na Gallaecia do século VI | 3.1. O século VI: panorama xeneral<br>3.2. Martín de Braga, De correctione rusticorum<br>3.3. Supersticións de tipo popular   |
| 4. Os séculos VII-IX                      | 4.1. Os séculos VII-IX: panorama de autores e obras<br>4.2. As Etymologiae de Isidoro de Sevilla<br>4.3. A transmisión do saber: Isidoro como axente transmisor entre a Antigüidade e a Idade Media<br>4.4. Fructuoso e Valerio do Bierzo |
| 5. Séculos XI-XII                         | 5.1. Panorama xeneral<br>5.2. O Liber Sancti Iacobi<br>5.3. A Vida de San Rosendo de Celanova   |



## Planificación

| Metodoloxías / probas         | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
|-------------------------------|--------------|-------------------|---|--------------|
| Aprendizaxe colaborativa      | A2 A16       | 16                | 16  | 32           |
| Traballos tutelados           | A11 B6       | 0                 | 16.5                                      | 16.5         |
| Lecturas                      | B1 B3 B8     | 0                 | 30  | 30           |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A29    | 0                 | 15  | 15           |
| Proba mixta                   | B5 B7        | 2                 | 0   | 2            |
| Sesión maxistral              | A13          | 16                | 0   | 16           |
| Atención personalizada        |              | 1                 | 0   | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

| Metodoloxías                  | Descrición  |
|-------------------------------|---|
| Aprendizaxe colaborativa      | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. |
| Traballos tutelados           | Pequenos traballos que se irán indicando ao longo do curso relativos aos temas de aprendizaxe colaborativa, onde o alumno terá que demostrar a asimilación de conceptos, manexo da bibliografía e/ou aplicación dunha metodoloxía concreta.   |
| Lecturas                      | Lectura dos manuais, artigos e monografías que se indiquen para cada tema, así como dos materiais que se poñan a disposición do alumnos a través da plataforma de teleformación.  |
| Análise de fontes documentais | Análise dos textos medievais que se comentarán especialmente nas sesións maxistras e de aprendizaxe colaborativa. Indicaranse ao longo do curso os textos e as traducións recomendadas.   |
| Proba mixta                   | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas sobre contidos do programa.  |
| Sesión maxistral              | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.  |

## Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición  |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Os traballos estarán relacionados cos temas destinados á aprendizaxe colaborativa. Consistirán en comentarios de textos, recensións de artigos, aplicacións de métodos de análise ou outras actividades puntuais que se consideren proveitosas para a autoaprendizaxe do alumno. O profesor fará un seguimento destes traballos e atenderá dúbidas sobre os mesmos no horario de titorías ou previa cita co alumno. |

## Avaliación

| Metodoloxías             | Competencias | Descrición   | Cualificación |
|--------------------------|--------------|--|---------------|
| Sesión maxistral         | A13          | Asistencia ás aulas. Para obter a puntuación deste apartado é necesario que o alumno asista como mínimo ó 70 % das sesións.  | 10            |
| Aprendizaxe colaborativa | A2 A16       | Os diversos exercicios de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase tanto a asistencia a estas sesións como a participación activa de cada estudante no desenvolvemento das mesmas. Poderá pedirse a ulterior presentación por escrito dalgúns destes exercicios en forma de breve comentario dun texto, resolución dun test etc. | 15            |



|                     |        |   |    |
|---------------------|--------|---|----|
| Traballos tutelados | A11 B6 | Valorarase sobre todo o rigor da análise e a capacidade de síntese, mais tamén a orixinalidade dos enfoques, así como a corrección da expresión escrita e a eficacia da presentación oral. A presentación deste traballo terá carácter obrigatorio para superar a materia.  | 25 |
| Proba mixta         | B5 B7  | Proba escrita individual, que se efectuará a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos tanto nas sesións expositivas coma nas sesións de carácter práctico. Valorarase sobre todo a capacidade crítica, a capacidade de extraer información a partir dos textos dos autores, a de relacionar uns autores con outros e a claridade dos conceptos. A expresión ha de ser correcta e a redacción clara. Os textos propostos para a proba, na lingua orixinal ou en tradución, según a cuestión a tratar, serán de similar dificultade ca os que teñan sido comentados e estudados na aula. A proba terá unha duración de dúas horas. Ningún alumno poderá abandonar a aula ata que a totalidade dos seus compañeiros finalicen a proba e entreguen o exame. Requerirase unha cualificación mínima de 5 sobre 10 para dar por superada esta proba. | 50 |

### Observacións avaliación

O alumnado que non superar a materia na primeira oportunidade, terá unha segunda no mes de xullo. Nesta segunda oportunidade, deberán ser presentadas/realizadas as actividades e/ou probas non superadas ou non presentadas anteriormente.

Os/as estudantes que, por teren dispensa académica, non asistan ás sesións maxistras e prácticas deberán preparar pola súa conta os traballos e actividades programados para a avaliación da materia. A cualificación ponderada será: 50% (traballos); 50% (proba final)

Os estudantes recibirán a cualificación de Non Presentado en caso de non asistir en ás probas finais das oportunidades de maio e xullo.

### Fontes de información

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"><li>- Amado, T. (). Estudos Clásicos e Bibliografía: <a href="http://www.gfc-usc.org/?q=es/node/98">http://www.gfc-usc.org/?q=es/node/98</a>.</li><li>- Cavallo, G.-Leonardi, C.-Menestò, E. (eds.) (1993-). Lo spazio letterario del Medioevo. 1. Il Medioevo latino. Roma</li><li>- Curtius, E. R. (1955). Literatura europea y Edad Media latina. México-Madrid-Buenos Aires</li><li>- Díaz y Díaz, M. (1985). Visiones del más allá en Galicia durante la Alta Edad Media. Santiago de Compostela</li><li>- Dronke, P. (1968). Medieval Latin and the Rise of European Love-Lyric. Oxford</li><li>- Dronke, P. (1995). La lírica en la Edad Media. Barcelona</li><li>- Genicot, L. (dir.) (1972-). Typologie des sources du Moyen Âge occidental. Turnhout</li><li>- Leonardi, C. (ed.) (2002). Letteratura latina medievale (secoli VI-XV). Un manuale. Firenze</li><li>- López Díaz, X. (trad.) (2013). Códice Calixtino. O liber Sancti Iacobi en galego. Santiago de Compostela</li><li>- López Pereira, J.E. (1989). O primeiro espertar cultural de Galicia: cultura e literatura nos séculos IV e V. Saantiago de Compostela</li><li>- Moralejo Álvarez, J.L. (1980). "Literatura hispano latina", en: Historia de las literaturas hispánicas no castellanas, pp. 15-137. Madrid</li><li>- Moralejo Álvarez, J. L. (2002). La poesía latina medieval: apuntes para una clasificación genérica. León</li><li>- (). Bibliotheca Augustana &amp;lt;<a href="http://www.fh-augsburg.de/~harsch/a_alpha.html">http://www.fh-augsburg.de/~harsch/a_alpha.html</a>&amp;gt;.</li><li>- (). Latin Library &amp;lt;<a href="http://www.thelatinlibrary.com/">http://www.thelatinlibrary.com/</a>&amp;gt;.</li></ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | A bibliografía complementaria indicárase con cada tema   |

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**



|              |
|--------------|
| Observacións |
|              |

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías